



## **TORNEO LA REGIÓN - PERSÁN**

### **PREVIA OURENSE INTERNACIONAL TERMAL CUP**

**ORGANIZA:** Ourense C.F

**COLABORAN:** Consello Municipal de Deportes, Delegación Provincial de Fútbol e Colexio de Árbitros de Fútbol de Ourense.

**DATA:** 17 Maio de 2018.

**LUGAR:** Campo Municipal de Oira (Campo de herba sintética).

### **BASES E NORMAS**

1.- O torneo conta coa participación dos seguintes equipos: EDC Barbadas, CDC Santa Teresita, Chantada SD, Velle C.F., Colegio hogar, CD La Purísima, SDC Arrabaldo, UD Ourense, A.D.Bosco, E.F. Silleda, Monforte C.F, ED Ourense, Salgueiriños C.F. C.D. Allariz, EDC Xinzo e Ourense CF. Todos os partidos de este torneo están programados no Campo Municipal de Oira.


2.- Poderán participar nel aqueles xogadores nados nos anos naturais de 2006 e 2007, é dicir, deportistas con licenza federativa ALEVÍN tramitada pola Federación Galega de Fútbol e coa súa correspondente Mutualidade Deportiva. Cada equipo contará cun máximo de 15 xogadores, que levarán o mesmo dorsal en todo o torneo.



3.- A competición desenvolverase dacordo ao calendario de competición que se anexa a estas bases e normas.

4.- A duración dos partidos será de **20 MINUTOS** sen descanso na primeira fase de grupos e nas eliminatorias. Soamente **A FINAL e as SEMIFINAIS** do torneo cambiarán, xa que serán partidos de **25 MINUTOS**.

5.- O lugar de quecemento estará situado no campo anexo de fútbol 8 onde disporán dunha zona delimitada e dous balóns que poderán utilizar para o mesmo. Unha vez rematado o quecemento deixarán os balóns no seu sitio.



6.- Todos os equipos deberán situarse **5 minutos antes de cada partido** na zona do medio do campo. (Haberá unha persoa da organización que os avisará e os acompañará dende a zona de quecemento a esta zona).

7.- No caso de que ao cabo da primeira fase rexistráse empate en calquera dos grupos entre dous ou tres equipos na suma de puntos (3 por partido gañado e 1 por empate), resultará vencedor aquel conxunto que obteña maior diferenza de goles entre os anotados e os encaixados. No caso de persistir a igualdade, gañará aquel que máis tantos marque e se segue o empate, proclamarase vencedor aquel que encaixe menos goles. Se despois de todas estas circunstancias non se resolvese a situación, resultará vencedor o equipo que gañase o partido directo, no caso de ser dous afectados.

8.- Na fase de eliminatorias os empates resolveráanse co lanzamento dunha tanda de 3 penaltis por equipo. De persistir a igualada seguirase a rolda ao fallo.

9.- Os equipos deberán presentarse **TRINTA** minutos antes do primer partido cas licencias federativas dos xogadores que van figurar en acta e presentar un listado cos xogadores que tomarán parte no torneo. (Este listado pódese entregar o mesmo día do torneo na mesa central ou envíalo previamente o correo do torneo. (torneos@ourensecf.es))



10.- A organización establece trofeos para os 4 primeiros clasificados do Torneo LA REGIÓN - PERSAN. Os dous primeiros clasificados do torneo obtendrán ademáis como premio unha plaza na IV Ourense Termal Cup que se disputará o próximo 2 de Xuño.

11.- Co fin de solventar as posibles coincidencias nos cores das camisetas entre dous equipos, é imprescindible que cada club veña provisto de equipaxes de diferentes cores.

12.- A organización ofrece a posibilidade de comer nos aledaños do campo de fútbol, no restaurante "Oira Praia" (apenas 50 metros de onde se disputa o torneo) previa reserva no teléfono 988375213.

12.- Para todo o non disposto nestas normas recurrirase sempre á organización e a participación dos clubs no torneo supón a ACEPTACIÓN de todas estas normas.

A Organización

